



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE SETEMBRO DE 2017

### LICENZAS FAVORABLES

**LIC/825/2015.- CARRERA DE XOIBAN, S. L.-** Conceder licenza de obras de rehabilitación de edificación para uso de pensión en rúa do Medio nº 39.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais** relativa á solicitude de licenza de obras de rehabilitación de edificación para uso de pensión en rúa do Medio nº 39. LIC/825/2015. Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática** relativa á aprobación do expediente de "Subministro e instalación de elementos novos da área de xogos infantil do parque de Outeiro de Sar", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 145.200 euros, IVE incluído.

**4.- Proposta da alcaldía** relativa á designación da concelleira Dona Branca Novo Rey como representante do concello en diversos organismos. Apróbase a proposta.

**5.- Dar conta da corrección de erro cometido no título do punto nº 14 da sesión de 11.8.17,** relativo a concesión de exencións. Apróbase a proposta.

### URXENCIAS

**1.-Proposta de alcaldía** relativa á delegación da presidencia do Consello de Administración de Mercalicia na concelleira delegada de Deportes, Benestar Animal, Mocidade e Mercados, Noa Morales. Apróbase a proposta.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Alumeado Público** relativa á aprobación do proxecto de mellora da instalación do alumeado público nos accesos a Santiago-Fase 4. Apróbase o proxecto, financiado no marco do programa de axudas para a renovación do alumeado exterior municipal do IDAE.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo** relativa á autorización de ocupación temporal do dominio público con pista de patinaxe sobre xeo na Alameda durante as tempadas de Nadal 2017-2018 e 2018-2019, aprobación de pregos e inicio do procedemento de licitación. Apróbase o inicio do procedemento de licitación para a adxudicación, co establecemento dun canon mínimo de saída á alza de 2.000 euros. Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a licitación pública.

**4.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da obras de instalación de electricidade para o campo deportivo e vestiarios no campo de fútbol de Lamas de Abade.** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 100.642,82 euros, IVE incluído.

**5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente a apertura do procedemento de adxudicación do Subministro de prendas de uniformidade da Policía Local.** Apróbase o expediente para o subministro de prendas para a Policía Local nos seguintes lotes: Lote A: prendas de confección a medida, Lote B: complementos; Lote C: calzado; Lote D: prendas para a auga. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 41.391 euros, IVE incluído, para o Lote A; 43.413 euros, IVE incluído, para o Lote B; 13.520 euros, IVE incluído, para o Lote C; e 1.504 euros, IVE incluído, para o Lote D.

**6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a declarar deserta a licitación “Explotación da cafetería sita na Granxa do Xesto (reservada a centros especiais de emprego e empresas de inserción”.** Apróbase a proposta.